

GALICIA HISTÓRICA

Hoja de historia y documentos compostelanos

Año 8. Nº 83, Decembro, 2023

CARTAS DE FELICITACIÓN DE PASCUAS DO ANO 1766

No arquivo da catedral de Santiago de Compostela consérvase un “legajo” de cartas de felicitación de Pascuas¹, concretamente da segunda metade do século XVIII. Son cartas enviadas dende todos os puntos da península nas que inciden todas elas no desexo dunha próspera Pascua ao cabido e ao arcebispo da S.A.M.I² Compostelana. Aparte do interés que poden ter a nivel institucional é moi interesante analizar a linguaxe empregada nestas misivas xa que considérase o século XVIII coma o século das cartas.

A cultura epistolar espallouse por toda Europa en case todos os sectores sociais xa que ademais da nobreza, élites dirixentes e o clero, os intercambios epistolares creceron na florecente burguesía e pouco a pouco no pobo, grazas sobre todo ás reformas educativas levadas a cabo en varios países que permitiron establecer novos contidos e métodos, propiciando a ensinanza integrada da escritura e da lectura.

En Galicia a fidalguía da segunda metade do século XVIII no seu afán de identificarse cada vez máis coa nobreza buscará no eido cultural ese recoñecemento. A destacar tamén a implicación da burguesía na educación, concretamente a través das Sociedades Económicas de Amigos do País.

O dezasete de decembro do ano 1766 o licenciado Joseph Antonio Coronada envía dende Madrid unha felicitación ao arcebispo e cabido de Santiago:

Señor

El próximo tiempo de Pasquas de la Nabadad de Nuestro Redemptor y maestro me lisongea el gusto de ofrecer mis respetos a la obediencia de Vuestra Ilustrísima, deseoso las logre colmadas de la maior felicidad y que continuándose dilatados años, tenga yo la satisfacción de que me dispense Vuestra Ilustrísima muchas ocasiones en su maior obsequio.

Nuestro Señor Guarde a Vuestra Ilustrísima en su maior grandeza los Años que deseo y pido.

¿Quen era este licenciado José Antonio Coronada? Pouco sabemos del, pero no ano 1750 formaba parte do “Consejo de Castilla” realizando uns autos de residencia da vila de Aranda de Duero.

O vinte de decembro do ano 1766, o marqués de Sarria³ Jacobo Fitz James Stuart y Colón de Portugal, XIV conde de Lemos, X marqués de Sarria

e grande de España, escribe unha carta de felicitación dende a vila de Madrid:

Ilustrísimo Señor

En todos tiempos me son mui apreciabiles las expresiones que Vuestra Ylustrísima me dispensa, a las que le merezco ahora con motivo de este santo tiempo correspondo con la más sinzera voluntad y deseo de que le logre Vuestra Ylustrísima lleno se completas satisfacciones esperando me franquehe la de repetidos asumptos de servirle y complacerle.

Nuestro Señor guarde a Vuestra Ylustrísima muchos años.

A condesa de Lemos, Rosa María Fernández de Castro, envía dende Madrid unha carta expresando os seus mellores desexos ao cabido e arcebispo o vinte e sete de decembro de 1766:

Ilustrísimo Señor

Muy señor mío. He recibido la Carta de Vuestra Señoría Ilustrísima en que devo a su memoria y atención el feliz anuncio de las presentes festividades a cuya expresión quedo muy agradecida y corresponde mi verdadero afecto con los más vivos desseos de que Vuestra Señoría Ilustrísima logre estas y otras muchas sucesivas colmadas de gustos y satisfacciones, facilitándome la de servirle en quanto ocurra de su agrado. Nuestro Señor Guarde a Vuestra Señoría Ilustrísima muchos años.

O cardeal maior de Santiago don Ignacio Bernardo de Pazo y Torre remite dende Granada unha misiva o nove de decembro de 1766 ao “*Ilustrísimo Señor Dean y Cavildo de la S.A.M.Yglesia de Señor Santiago unico Patron de España*”:

Ilustrísimo Señor

Señor

La constitución de las santas Pasquas del Nacimiento de nuestro señor Jhesus recuerda mis respetos para rendirlos a Vuestra Señoría Ylustrísima con el deseo de sus mayores prosperidades y glorias en este y todos tiempos; suplicando a Vuestra Señoría Ylustrísima mande a mi obediencia para crédito de las ingenuas veras, con que siempre me tiene rogando a Dios guie a Vuestra Señoría Ylustrísima en su maior grandeza los muchos años que puede y necesito.

O rei Carlos III de España concede no ano de 1764 o título de Marquesado de Piedrabuena a Julián Robiou y Chevillé, nado en Saint-Maló (Francia) e morto na cidade da Coruña no ano de 1775. Foi secretario do rei Felipe V, comisario de guerra (1745), cabaleiro da Orde de Santiago (1746) e intendente do exército do reino de Galicia e correxidor da Coruña dende o ano 1763. O vinte e un de decembro de 1766 envía dende a cidade de A

¹ ABCS, Cartas de Felicitación de Pascuas (1766-1792) Sinatura: IG 331

² Santa Apostólica e Metropolitana Igrexa de Santiago de Compostela

³ Título nobiliario español concedido o 1 de maio de 1543 a favor de Fernando Ruiz de Castro y Portugal, IV conde de Lemos

Coruña unha epístola ao “*Ylustrisimo Señor Dean y Cavildo de la Santa Yglesia de Santiago*”:

Ilustrisimo Señor

Mui señor mio: Mi reconocida atención desea a Vuestra Ylustrisima las mayores Prosperidades en las venideras Pasquas del Nacimiento de nuestro salvador, y que con este motivo halle Vuestra Ylustrisima muchos de su agrado en que exercitar mi segura obediencia y voluntad en su obsequio.

Nuestro Señor Guarde a Vuestra Ylustrisima muchos años como deseo.

O escribán de asiento don Antonio Agustín Picado y Varela escribe unha misiva o vinte de decembro de 1766 dende a cidade de A Coruña dirixida ao “*Ilustrisimo señor Dean y Cavildo de la Santa Yglesia de Señor Santiago*”, onde aparte de realizar a felicitación habitual tamén fala doutras festividadeas:

Señor

Mi obligación, y la Proximidad de Pasquas del nazimientto de nuestro redentor me impele a anunciarlas a Vuestra Ilustrisima deseoso de que las logre colmadas de felizidades, con las despedidas de año viexo, entradas del nuevo, fiestas de los santos reies, y que a estas se subsigan otras muchas con toda salud.

Nuestro señor Guíe la importante vida de Vuestra Ilustrisima muchos años como se lo suplico.

A duquesa de Alburquerque, doña Cayetana María de la Cerda y Cernésio, remite o dezasete de decembro dende a vila de Madrid outra carta ao “*Ilustrisimo señor Dean y Cavildo de la santa Metropolitana Yglesia del señor Santiago*”:

Ilustrisimo Señor

Mui señor mio. El próximo santo tiempo de Pasquas del nazimientto de nuestro redemptor, me ofrece gustoso motivo de renovar a Vuestra Señoría Ilustrisima las veras y afecto con que deseo disfrute tan plausibles festividadeas y que Vuestra Señoría Ilustrisima me facilite muchas ocasiones de complazerle.

Nuestro señor guarde a Vuestra Señoría Ilustrisima muchos años.

Dende a cidade da Coruña, o deza e oito de decembro dese mesmo ano o señor don José Antonio Giraldo Díaz Hidalgo, fiscal do crime da Audiencia de Galicia dende o ano 1761, expide outra carta dirixida ao “*Ilustrisimo señor Dean y Cavildo de la santa yglesia metropolitana de Santiago*”:

Prebiene a Vuestra Ilustrisima mi reverente atención las presentes Pasquas de nuestro Redemptor, que le deseo colmadas de bendiciones y satisfacciones: Como para mí lo serán siempre que mereciere a Vuestra Ilustrisima sus Preceptos.

Su Magestad quiera prosperar a Vuestra Ilustrisima muchos años que deseo.

A familia Valledor y Presno era propietaria da casa solariega de Presno sita no concello de Castropol

así como do coto xurisdiccional de Montealegre. Don Bartolomé Valledor y Presno foi colexial no Colexio Maior de Cuenca, sito en Salamanca e posteriormente ocupou praza de oidor na Audiencia de A Coruña. Dende esta cidade herculina remite o sete de decembro de 1766 unha carta dirixida ao “*Ilustrisimo Señor Dean y Cavildo de la Santa Yglesia Metropolitana de Santiago*”:

Como corresponde a mi atenta obligacion y afecto en la presente ocasión de las próximas pasquas el mas eficaz deseo de que las logre vuestra Ylustrisima con las maiores satisfacciones; es igual en mi reconocimiento el de merecer en todos tiempos a la dignación de Vuestra Ilustrisima las de el honor de sus apreciables preceptos para testimonio de mi fiel respeto en su maior servicio y obsequio.

Nuestro señor guarde a Vuestra Ylustrisima muchos años como deseo.

Tamén as cidades enviaban felicitacións. Este foi o caso da cidade de Granada, mandando unha misiva o nove de decembro e dirixida ao “*Ilustrisimo señor Dean i cavildo de la santa Apostolica Metropolitana Yglesia de Señor Santiago*”. Na carta rexistráanse as firmas de persoeiros salientables da cidade coma o abogado don Francisco Romero y Mogollón ou o cabaleiro maestrante don Nicolás de Varaz, entre outros:

Ilustrisimo señor

Las próximas Pasquas del santo nacimiento de nuestro Redemptor da motivo a esta Ciudad para manifestar el deseo de que Vuestra Señoría Ilustrisima las logre con las felizidades que puede apetecer, y esta Ciudad Renovar sus verdaderos deseos de servirle.

Dios guarde a Vuestra Señoría Ylustrisima muchos años como pide Granada en su cavildo.

Con esta pequena mostra epistolar poñemos punto e final á edición mensual de Galicia Histórica por este ano de 2023. Dende o Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela queremos desexar un feliz nadal e un próspero ano 2024, aínda que sexa sen esa linguaxe tan barroca que puideron ler nas cartas. E como decía a miña avoa: de hoxe nun ano!

Jorge García García



Síguenos en Facebook:

<https://www.facebook.com/ArchivoCatedralSC>